

**XUÑO 2019
XXVI ANIVERSARIO**

MANUAIS DE RESILIENCIA

**XUÑO
03** **DOMBASS de SERGEI LOZNITSA
(DOMBASS)
UCRANIA 2018; 120' V.O.S.C.**

**XUÑO
10** **MISS KIET'S CHILDREN de PETRA LATASTER-CZISCH & PETER LATASTER
(MISS KIET'S CHILDREN)
HOLANDA 2016; 115' V.O.S.C.**

**XUÑO
17** **WINTER FLIES de OLMO OMERZU
(WINTER FLIES)
REPÚBLICA CHECA 2018; 84' V.O.S.C.**

**XUÑO
24** **FILME SORPRESA**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS**

Colaboran:

**CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE
CINECLUBS**

XXVI ANIVERSARIO

MANUAIS DE RESILIENCIA

Até as plantas son capaces de axustar a forma e tamaño das follas para maximizar a taxa de crecemento mentres minimizan a perda de auga. Esta capacidade plástica, presente en todos os organismos vivos, ten un alcance máximo na especie humana.

"Non hai unha vida dura, senón momentos complicados", esta podería ser unha máxima para as personaxes dos filmes que presentamos neste ciclo. A continxencia obriga a ter que reestruturar os seus recursos psicolóxicos en función das novas circunstancias e necesidades que lles toca vivir, ademais de ser quen de utilizar esas situacións para crecer e desenvolver unha vida mellor; de prosperar, e de levar vidas produtivas e gratificantes.

Dombass, Sergei Loznitsa ofrece un desfile de viñetas de patriotismo, histeria, violencia e burocracia. A degradación da sociedade ucraniana na era da post-verdade e as noticias falsas nas que aflora a manipulación e a propaganda sen límites éticos.

Miss Kiet's Children, retrato dunha escola de provincias holandesa na que se contempla, cunha intimidación extraordinaria, a relación entre unha estoica mestra e a chavalada de Oriente Medio. Ollamos tamén, os detalles máis e menos empáticos do comportamento infantil, e asistimos ao desenvolvemento da complicidade, que pode ser ensinada de xeito tan efectivo como as matemáticas.

Winter Flies, Olmo Ormezu fai un retrato iniciático da mocidade. A narración xoga coa realidade e a ficción nun percorrido vitalista. A peaxe son as distintas etapas cara a madurez dun xeito natural e orgánico, nas que hai dor, risas, incertezas, pero, sobre todo, gañas de vivir.

Rematamos até setembro, vémonos no cine!!

XUÑO

03

Luns ás 20:30h

**DOMBASS de SERGEI LOZNITSA
(DOMBASS)**

UCRANIA 2018; 120' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||
Dirección e guión: Sergei Loznitsa

Música: Vladimir Golovnitiski

Fotografía: Oleg Mutu

Ficha artística

|||||
Valeriu Andriuta

Evgeny Chistyakov

Georgi Deliyev

2019: MELLOR FILME, MELLOR GUIÓN E MELLOR DIRECTOR, DA ACADEMIA DO CINE UCRANIANA
2018: MELLOR FILME, GRAN PREMIO DO XURADO, E MELLOR DIRECTOR, NO FESTIVAL DE CINE DA INDIA
2018: FESTIVAL DE CANNES: UNHA CERTA MIRADA, MELLOR DIRECTOR
2018: FESTIVAL DE SEVILLA: XIRALDILLO DE OURO, MELLOR FILME
2018: MELLOR FILME DOS CRÍTICOS DE CINE UCRANIANOS

SINOPSE

O filme revela un proceso colectivo de animalización dende diferentes perspectivas. Un demoledor diagnóstico da condición humana, que espalla furia mesturada con mordacidade, mentres contempla rostros e multitudes.

SERGEI LOZNITSA

Director, montador, produtor, fotógrafo, e guionista nado en 1964 en Baranovitchi, Bielorrusia, que nese momento forma parte da Unión Soviética. Máis tarde a familia trasládase a Kiev, Ucraia, onde el remata a secundaria. En 1981, ingresa no Instituto Politécnico de Kiev, no que acada a licenciatura de matemática aplicada e sistemas de control. En 1987 se gradúa cunha licenciatura en inxeniería e matemáticas. Entre 1987 y 1991 traballa como científico para o Instituto de Cibernética. Alí participa no desenvolvemento de sistemas expertos e intelixencia artificial. Ademais, exerce como traductor de xaponés. Durante ese tempo desenvolve un forte interese polo cine, o que o leva no 1991 a ingresar no Instituto Estatal Ruso de Cinematografía, en Moscú. Estuda no estudo de Nana Dzhordzhadze. En 1997, se gradúa con honores en produción e dirección cinematográfica. No 2000, comeza a producir obras no Estudio de Cine Documental de San Petersburgo. Ese mesmo ano acada unha bolsa do programa "Nipkov" de Berlín. En 2001, emigra coa muller e dúas fillas a Alemaia. Até o momento ten realizado dúas longametraxes de ficción, tres documentais, e oito curtametraxes. Atópase traballando no seu Último documental *State Funeral*.

XUÑO MISS KIET'S CHILDREN de PETRA LATASTER-CZISCH & PETER LATASTER
10 (MISS KIET'S CHILDREN)
Luns ás 20:30h HOLANDA 2016; 115' V.O.S.C.

Ficha técnica

||||||||||||||||||||
 Dirección e guión: Petra Lataster-Czisch, Peter Lataster
 Fotografía: Peter Lataster

Ficha artística

||||||||||||||||
DOCUMENTAL

- 2017: PREMIO MELLOR DOCUMENTAL NO WORLD HUMANITARIAN AWARDS
- 2018: DOCSBARCELONA, MENCIÓN ESPECIAL AO MELLOR DOCUMENTAL
- DOXA VANCOUVER / CANADÁ / 2017 / MENCIÓN DE HONRA
- DOKFEST MUNICH / 2017 / ALEMANIA / PREMIO DO PÚBLICO
- NFF / PAÍSES BAIXOS / 2017 / PREMIO AL MEJOR DOCUMENTAL HOLANDES

SINOPSE

Este traballo rexistra un ano nunha clase cun alumnado de persoas que viven refuxiadas en Holanda, nun lugar que non coñecen, cunha nova profesora e un idioma que non comprenden. Miss Kiet non só ensina a ler e a escribir en holandés, senón que tamén lles axuda a aprender a resolver problemas e a respectarse.

PETRA LATASTER-CZISCH & PETER LATASTER

Parella de cineastas dende 1989. Dende entón veñen realizando diversas producións premiadas entre documentais, curtametrxes e ficcións. No 2001 fundaron a produtora Lataster & Films. No 2012, o festival IDFA lles dedica unha retrospectiva e o Instituto Holandés de Imaxen e Son lanza unha colección coa súa filmografía coxunta. Entre os seus títulos destacan: *Awake in a Bad Dream* (2013), *Jerome Jerome* (2011), *Without You* (2010) e *If We Knew* (2007). Este é o seu último traballo.

**XUÑO
17**

**WINTER FLIES de OLMO OMERZU
(WINTER FLIES)**

Luns ás 20:30h REPÚBLICA CHECA 2018; 84' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección: Olmo Omerzu

Guion: Petr Pýcha

Música: Simon Holy

Monika Midriakováe, Pawel Szamburski

Fotografía: Lukás Milota

Ficha artística

|||||

Tomáš Mrvík

Jan František Uher

Eliska Krenková

2018: PREMIO AO MELLOR DIRECTOR NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE KARLOVY VARY

2018: PREMIO Á MELLOR PRODUCCIÓN NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE ESLOVENIA

SINOPSE

Un adolescente fabulador de gamberrismo rebelde e de fazañas sexuais, e outro, con calvario de mozo gordo que soña con pertencer á Lexión Estranxeira. Xuntos para sempre na amizade, rouban un Audi cochambroso para marchar a correr mundo, pero recollen a unha moza autoestopista; agora son tres, que é impar pero divide. Sabes esas moscas equivocadas de estación porque é inverno, e zumbando tozudas pousan onde non deben?

OLMO OMERZU

Director, actor, guionista e fotógrafo nado en 1984 in Ljubljana, na antiga Iugoeslavia.

Iníciase na dirección coas curtametraxes *Masky* (2005), *Láska* (2006), *Druhé dejství* (2008). Debuta na longametraxe co filme *Prílís mladá noc* (2012), pero é co seguinte, *Rodinný film* (2015), co que se da a coñecer internacionalmente. Este é o seu último traballo como director.

XUÑO

FILME SORPRESA

24

Luns ás 20:30h

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

- Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é ***En guerre*** de Stéphane Brizé (2018), a proxección será o vindeiro **xoves día 6**, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. A entrada é de balde até completar aforamento.
- Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.
- Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.
- Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.
- O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros